O Pleno do Comité, reunido en sesión do 20 de novembro de 2026, con respecto do **expediente 168/2026** por unanimidade acordou a seguinte:

PROVIDENCIA

I.- Don José Antonio Sande Edreira, presentou escrito dirixido Secretaría Xeral para o Deporte e formalizado para a súa tramitación ante este Comité, con entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia o 08/10/2026 co número 2026/2918947 contra a resolución da Xunta Electoral de 8 de outubro de 2026, para cuxa resolución cumpre sinalar os seguintes:

I. ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data do 28 de xuño de 2026, o Presidente da FEGAXA convocou procesos electorais para a renovación da Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia da dita federación. Na citada convocatoria fixouse a composición nominal da Xunta Electoral federativa, integrada por tres membros titulares: Dª Ana Mª Iglesias Casal, Dª Mª Dorinda Garaboa Paz e D. José Manuel Pérez Prego.

SEGUNDO.- Na dita convocatoria electoral, así como no artigo 5.2 do Regulamento Electoral da FEGAXA aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte, remítese expresamente ao disposto nos artigos 6 e 7 do DECRETO 16/2018.

TERCEIRO. - O 8 de outubro de 2026, a Xunta Electoral da FEGAXA resolveu a reclamación presentada por D. José Antonio Sande Edreira relativa á impugnación da composición, garantías de independencia e recusación da propia Xunta Electoral. A dita resolución desestimou integramente a reclamación alegando:

1º.- Falta de lexitimación activa do reclamante ao non ser representante dunha candidatura nin indicar afectación persoal directa segundo o art. 49.2 do Decreto 16/2018.

2º.- O Carácter xenérico e sen fundamentación da recusación formulada contra a totalidade dos seus membros.

3º.- Extemporaneidade e preclusión da impugnación da composición do órgano electoral, ao non ter sido impugnado no seu momento o acordo da Asemblea Xeral do 2 de maio de 2026 que elixiu a dita Xunta Electoral.

4º.- Así mesmo, a Xunta Electoral inclúe na súa resolución unha advertencia expresa ao reclamante indicando que, de reincidir na presentación de recursos baleiros, *"poderá ser sancionado por iso"*.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: YSEkUroFugc7 https://sede.xunta.gal/cve

CUARTO. - José Antonio Sande Edreira solicita no seu recurso, entre outras cuestión, o seguinte:

1.- A apertura de información previa e incoación de procedemento sancionador contra os tres membros da Xunta Electoral; D. José Manuel Pérez Prego, Dª Ana Mª Iglesias Casal e Dª Mª Dorinda Garaboa Paz, por abuso de autoridade da cordo co art. 116 da Lei 3/2012 e incumprimento dos arts. 6.1, 15.4.i e 52 do Decreto 16/2018.

2.- Que se inste do CGXD a suspensión provisional dos tres membros da Xunta Electoral e que esta se compoña respectando a esixencia de membros suplentes segundo proclama o art. 6.1 do Decreto 16/2018.

QUINTO. – O presente expediente foi tramitado como 168/2026, admitido a tramite na sesión do Pleno do 20 de outubro, nomeado vogal José Vicente Guzmán Ares, sendo ademais requirida a Xunta Electoral da FEGAXA para que remitira informe, o que fixo en tempo e forma.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Competencia do Comité Galego de Xustiza Deportiva

De conformidade co establecido no Artigo 88 de la Lei 3/2012, de 2 de abril, del deporte de Galicia e no Artigo 93 de la Lei 3/2012, de 2 de abril, del deporte de Galicia, este Comité Galego de Xustiza Deportiva é o órgano competente para coñecer, en última vía administrativa, do control das decisións e acordos ditados polos órganos electorais das federacións deportivas de Galicia.

SEGUNDO.- Lexitimación activa do recorrente

Fronte ao sostido pola Xunta Electoral da FEGAXA na súa resolución do 08/10/2026, o Artigo 111 de la Lei 3/2012, de 2 de abril, del deporte de Galicia e o artigo 49.2 do DECRETO 16/2018 recoñecen lexitimación activa non só aos representantes das candidaturas, senón a calquera persoa física ou xurídica afectada directamente polos acordos electorais ou que estea inscrita no censo electoral definitivo. Ao ter o recorrente a condición de elector e membro federado, ostenta un interese lexítimo para velar pola regularidade do proceso electoral e a legalidade da composición dos seus órganos reitores.

TERCEIRO. - Sobre a extemporaneidade da impugnación da composición da Xunta Electoral e os seus efectos.

A cuestión central formulada xira contorna á legalidade da Xunta Electoral por carecer da designación formal de membros suplentes no momento da súa elección

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: YSEKUroFugc7 https://sede.xunta.gal/cve

pola Asemblea Xeral do 2 de maio de 2026 e na posterior convocatoria electoral do 28 de xuño de 2026.

O artigo 5.2 do Regulamento Electoral da FEGAXA remite integramente ao artigo 6 do DECRETO 16/2018. Segundo o punto 1 do citado artigo 6:

"A xunta electoral estará integrada por tres persoas titulares e tres suplentes."

Con todo, o acordo da Asemblea Xeral que designou os membros da Xunta Electoral e o posterior acto de convocatoria do proceso electoral foron actos administrativos electorais firmes e consentidos. O artigo 15.6 do Decreto 16/2018 e a xurisprudencia reiterada do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia determinan a necesidade de esgotar a vía de impugnación nos prazos efectivos e preclusivos establecidos pola normativa electoral que establece tres días hábiles.

Ao non ter sido impugnada a convocatoria electoral nin a elección asemblearia nos devanditos prazos, a composición dos tres membros titulares adquiriu firmeza. A preclusión dos prazos electorais impide revisar meses despois, no medio do desenvolvemento do calendario electoral, a validez da orixe da designación do órgano, en aras de salvagardar o principio de seguridade xurídica electoral.

Por outra banda, a omisión da designación inicial de suplentes constitúe un defecto de forma ou irregularidade non invalídante que non carrexa a nulidade de pleno dereito da Xunta Electoral, toda vez que os tres membros titulares que a integran reúnen tódolos requisitos de capacidade e incompatibilidade establecidos no artigo 6.4 do DECRETO 16/2018.

No obstante, o artigo 6.10 do Decreto 16/2018 establece a regra de integración perante a aparición de vacantes; *"O mandato das persoas membros da xunta electoral será ata a convocatoria do seguinte proceso electoral, e as eventuais vacantes que se produzan serán cubertas polo mesmo procedemento e cunha duración polo tempo restante ata a convocatoria do seguinte proceso electoral."*

Consecuentemente, a falta inicial de suplentes non invalida os acordos adoptados polos tres membros titulares validamente constituídos e en pleno exercicio das súas funcións, sen prexuízo da obriga da FEGAXA de cubrir as vacantes mediante a elección de suplentes, necesariamente e con carácter urxente sen que sexa preciso o nomeamento ou substitución dun membro suplente por causa de renuncia ou abstención ou calquera causa que se poda presentar.

CUARTO. - Sobre a desestimación da recusación e as advertencias disciplinarias.

Por unha banda, a recusación formulada polo recorrente contra a totalidade dos membros da Xunta Electoral desestimouse axustadamente a dereito, por canto se

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: YSEKUroFugc7 https://sede.xunta.gal/cve

formulou de xeito xenérico sen concretar ningunha das causas legais de abstención ou recusación previstas na lexislación de procedemento administrativo común segundo arts. 23 e 24 da Ley 40/2015.

Queremos aproveitar, poren a presente resolución para destacar a irregularidade do apercibimento ou ameaza de sanción por recorrer. Constátase na resolución da Xunta Electoral do 08/10/2026 a inclusión dunha advertencia expresa ao recorrente indicando que *"poderá ser sancionado por iso"* se reincide na interposición de recursos. Este Comité entende que non procede realizar advertencia con contido cominatorio ou disciplinario efectuada por un órgano electoral.

A Xunta Electoral é un órgano de ordenación e control do proceso electoral -art. 5 do Decreto 16/2018- e carece en absoluto de potestade disciplinaria deportiva, a cal corresponde exclusivamente aos órganos disciplinarios estatutariamente establecidos na federación e ao propio Comité Galego de Xustiza Deportiva. A imposición ou ameaza de sancións por exercitar o dereito de recurso supón un exceso de atribucións.

QUINTO.- Distinción de cauces e competencia sobre a solicitude de procedemento sancionador

O recorrente solicita da Xunta de Galicia e deste Comité a incoación de procedemento sancionador e a suspensión provisional dos membros da Xunta Electoral por un suposto abuso de autoridade. En primeiro lugar, non se aprecia na conduta dos membros titulares da Xunta Electoral indicios de abuso de autoridade.

A improcedencia dunha advertencia dialéctica – como se deixou exposto - concibida no seo dun contexto de patente fricción procedimental pola interposición de múltiples recursos, non pode transmutarse mecanicamente na figura do abuso de autoridade tipificada no artigo 116 da Lei 3/2012, do deporte de Galicia.

A apreciación dunha infracción moi grave esixe a concorrencia dunha conduta manifestamente arbitraria e cualificada, orientada a impoñer unha vontade ilexítima con prexuízo efectivo e antixurídico para os dereitos do administrado. Non abonda un simple exceso dialéctico ou retórico nin unha reflexión desafortunada que carece de forza executiva real.

A resposta da Xunta Electoral probablemente respondeu á saturación provocada polas continuas impugnacións formuladas polo recorrente, e pretendía frear a reiteración de queixas. Poren, esta falta de oportunidade formal non converte o acto nun ilícito disciplinario moi grave.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: YSEKUroFugc7 https://sede.xunta.gal/cve

Por todo o exposto, este Comité Galego de Xustiza Deportiva, no exercicio das súas competencias **ACORDA: ESTIMAR PARCIALMENTE** o recurso electoral interposto por D. José Antonio Sande Edreira contra a resolución da Xunta Electoral da FEGAXA do 8 de outubro de 2026, nos seguintes termos:

1.- **CONFIRMAR** a desestimación da impugnación formulada contra a composición e actuación da Xunta Electoral da FEGAXA, ao ter precluído o prazo de impugnación directa do acordo asembleario e da convocatoria electoral que a designou, sendo válidos os acordos adoptados polos seus tres membros titulares.

2.- REQUIRIR á Asamblea Xeral da FEGAXA para que, proceda de inmediato á levar a cabo os trámites para a designación dos correspondentes suplentes da Xunta Electoral da FEGAXA conforme ao artigo 6.10 do DECRETO 16/2018.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa conforme ao artigo 94 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2026.
O Pleno do Comité Galego de Xustiza de Deportiva
P.O. A secretaria

Asinado por: GARCIA GUT, MARIA SANDRA
Cargo: Secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva
Data e hora: 24/11/2026 13:52:47

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: YSEkUroFugc7 https://sede.xunta.gal/cve